



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Asunto: MC 5/2026 (CE financiado con RLTGX para cancelación da débeda comercial de 2025)

Expediente TEDEC: 2026/T002/000005

INFORME DA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN

No cumprimento da Providencia da Alcaldía, na que se incoa expediente de crédito extraordinario para o financiamento dunha serie de gastos, emítese o presente en base aos seguintes

Antecedentes Administrativos:

Primeiro: Por Resolución da Alcaldía núm. 118/2026 do 02/03/2026 apróbase a Liquidación do Orzamento de 2025, da que resultaron as seguintes magnitudes:

- Superávit orzamentario de **173.369,67 €**
- RLTGX de **480.807,44 €**
- Endebamento a 31.12.2025: **944.036,95 €**
 - o Con entidades bancarias ou financeiras: 0,00 €
 - o Coa Deputación Provincial (Préstamos Provinciais) a 31.12.2025: 769.226,82 €
 - o Co IGVS (Fondo de Cooperación 2022 e 2023) a 31.12.2025: 174.810,13 €
- Período Medio de Pago a Proveedores a 31.12.2025: **19,39 días**

Segundo: Por Providencia da Alcaldía incóase o procedemento para tramitar a MC 5/2026, modalidade crédito extraordinario, cuxo obxecto é a dotación de crédito para poder cancelar a débeda comercial do ano 2025.

Terceiro: A Alcaldía emite a Memoria no cumprimento do sinalado no artigo 37.2 do RD 500/1990, de 21 de abril.

Cuarto: A Alcaldía emite proposta de acordo para someter a aprobación do Pleno do Concello de Lousame.

Corresponde á Secretaria-Interventora informar, expoñendo os antecedentes e disposicións legais ou regulamentarias aplicables, nas que funde o seu criterio. Cumprimentando este deber, emítese o seguinte:

I N F O R M E

PRIMEIRO.- Lexislación Aplicable

... que xustifica a emisión deste Informe:

- Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

... aplicable ao expediente administrativo:

- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEPSF).
- Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais (Regulamento).



- Orde Ministerial HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na LOEPSF (OM)
- O documento que aparece na Oficina Virtual de coordinación financeira coas entidades locais, polo que se materializan as obrigacións de subministración de información.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, (TRLRHL) que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en relación ao principio de estabilidade orzamentaria (artigos 54.7 e 146.1).
- Manual de cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, Ministerio de Economía e Facenda.
- Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da LOEPSF para corporacións locais, 3ª edición. IXAE (novembro 2014).
- Regulamento núm. 549/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio (DOCE. 26-06-2013), que aproba o SEC 2010
- Manual do SEC 95 sobre o déficit público e a débeda pública, publicado por Eurostat.
- Regulamento 2223/1996 do Consello da Unión Europea.
- Regulamento 2516/2000, do Consello da Unión Europea.
- Durante os exercicios 2020, 2021, 2022 e 2023 estiveron suspendidas as regras fiscais en España, ao ter apreciado o Pleno do Congreso dos Deputados a concorrencia de circunstancias excepcionais que xustificaban a suspensión dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, débeda pública e regra do gasto, nas sesións do 20/10/2020 (para os anos 2020 e 2021), 13/09/2021 (para o ano 2022) e 22/09/2022 (para o ano 2023).
- O 10/05/2024 a Secretaría Xeral de Financiación Autonómica e Local emite un documento denominado *"Preguntas frecuentes sobre los efectos de la reactivación de las reglas fiscales en 2024 con relación a las Entidades Locales"*, no que se sinala que:
"Durante los ejercicios 2020, 2021, 2022 y 2023 han estado suspendidas las reglas fiscales en España, siguiendo las recomendaciones de la Comisión Europea, que decidió aplicar la cláusula general de salvaguardia del Pacto de Estabilidad y Crecimiento, para amortiguar los efectos de la pandemia causada por el COVID-19 y, posteriormente, los de la guerra de Ucrania. En la Comunicación de la Comisión Europea al Consejo de 8 de marzo de 2023, apartado 5, se establece la retirada de la cláusula general de salvaguardia a partir de finales de 2023. En consecuencia, las reglas fiscales aplicables a las Administraciones Públicas españolas quedan reactivadas en 2024, quedando éstas obligadas a su cumplimiento"
- O 21/03/2025, a Secretaría Xeral de Financiación Autonómica e Local emite un documento denominado *"Preguntas frecuentes sobre la aplicación de las reglas fiscales en 2025 y la evaluación de su cumplimiento en 2024 en relación con relación a las Entidades Locales"*

SEGUNDO.- Necesidade ou non da análise da estabilidade orzamentaria

Por aplicación do artigo 7.3 LOEPSF resultaría preceptivo avaliar o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para calquera modificación orzamentaria que poida afectar a estes principios.

De conformidade co disposto no artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, a Intervención local elaborará un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria que se emitirá con carácter independente e incorporarase ós documentos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, ás súas modificacións e á súa liquidación.

Do devandito precepto dedúcese que as modificacións orzamentarias para as que se debería realizarse o informe de estabilidade orzamentaria **son os créditos extraordinarios e suplementos de crédito**, non obstante, **será preciso en calquera outra modificación orzamentaria se afecta á situación de equilibrio orzamentario**. Todo iso en virtude dos artigos 4.1, 15.1 e 21.1 do Real Decreto 1463/2007.

A Subdirección Xeral de Estudos e Financiamento de Entidades Locais ás consultas de COSITALNETWORK DE 27/03/2013, respondeu o seguinte:



"A tramitación dos expedientes de modificacións orzamentarias deben ter en conta tanto as normas orzamentarias contidas no TRLRHL e o Real Decreto 500/1990 como os preceptos relativos ós obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto regulados na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril.

O artigo 11 da Lei Orgánica 2/2012, dispón que a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos e ingresos das Administracións Públicas e demais entidades que forman parte do sector público someterase ao principio de estabilidade orzamentaria.

A través da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, determínase o procedemento, contido e frecuencia de remisión da información económico-financeira a subministrar polas entidades locais, dispoñendo no artigo 16 que, entre outra información, debe remitirse trimestralmente a actualización do informe de intervención sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade, da regra de gasto e do límite de débeda.

*Considerando o anterior **sería admisible a tramitación dos expedientes de modificación orzamentaria atendendo ás normas exclusivamente orzamentarias, de cara á súa aprobación polo órgano competente, de forma tal que a verificación do cumprimento dos obxectivos de estabilidade e da regra de gasto non sería requisito previo necesario para a aprobación de tales expedientes**, sen prexuízo da actualización trimestral a que se refire a Orde HAP2105/2012, e as medidas que puidesen adoptarse como consecuencia de tal avaliación e que se conteñen na Lei Orgánica 2/2012 citada".*

Polo tanto, neste expediente é preceptivo analizar como afecta á estabilidade orzamentaria.

TERCEIRO.- Cumprimento do obxectivo da estabilidade orzamentaria

Trala entrada en vigor da Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria, a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten a gastos e ingresos das AAPP deberán ser analizadas desde a óptica da estabilidade orzamentaria entendida coma cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e do límite de débeda, seguindo os artigos 11 e ss. da LOEPSF.

O principio de **estabilidade orzamentaria** defínese no artigo 3 da LOEPSF coma a situación de equilibrio ou de superávit estrutural, isto é, a posición de equilibrio financeiro coherentes coa normativa europea.

A **regra de gasto** comporta que coa aprobación, durante a execución e coa liquidación do orzamento de que se trate, non cabe incrementar o orzamento liquidado anterior por enriba da taxa de crecemento do PIB a medio prazo que se fixe polo Goberno.

O **límite de débeda** refírese ao nivel de endebedamento. Considérase coma límite de endebedamento o fixado no artigo 53 do TRLFL, isto é, o 110% dos ingresos correntes de cada Concello; reducido indefinidamente pola disposición final trixésimo primeira da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o 2013, ao 75% dos ingresos correntes. A avaliación deste cumprimento corresponderalle á Intervención local (segundo o artigo 16 do Regulamento de estabilidade orzamentaria).

O informe emitírase, de xeito independente, incorporándose aos emitidos con ocasión da



aprobación, modificación ou liquidación do orzamento.

O orzamento vixente neste intre é o definitivo do 2026 (aprobado inicial e definitivamente o día 26/12/2025, ao non presentarse reclamacións. Entrou en vigor o día 28/01/2026, coa súa publicación no BOP da Coruña núm. 18)

CUARTO.- A estabilidade orzamentaria

Para calcular se estamos nunha situación de capacidade ou necesidade de financiamento, partiremos da diferenza entre ingresos e gastos dos capítulos 1 a 7. Considérase apropiado este cálculo inicial, xa que se pretende que a entidade local xere recursos non financeiros para o financiamento dos proxectos de gasto, limitando o endebedamento. Estes recursos financeiros veñen dados polo aforro bruto -diferenza entre ingresos e gastos dos capítulos de operacións correntes- e o saldo de gastos de capital non financeiros -diferenza entre ingresos e gastos dos capítulos 6 e 7.

Polo tanto, se a presente modificación afecta por gastos e ingresos aos capítulos do 1 ao 7, no mesmo importe, ou ben, afecta, tamén pola mesma contía aos capítulos do 8 ao 9 de ingresos e gastos, non inflúe na estabilidade orzamentaria. Dáse este suposto:

☐ SI: **Non afecta á estabilidade orzamentaria.**

☒ NON: **Afecta á estabilidade orzamentaria**, debendo proceder ao cálculo da súa influencia.

Cálculo da influencia do CE 5/2026 na estabilidade orzamentaria

O importe do CE 5/2026 ascende a 184.075,44 €. Tendo en conta os cálculos e axustes SEC realizados con ocasión da tramitación do Orzamento definitivo 2026, a estabilidade cifrouse en 107.616,75 €.

Para ver como afecta a tramitación do CE 5/2026 á estabilidade orzamentaria, temos que diferenciar os destinos que ten esta modificación.

A) Redución de débeda comercial: facturas incluídas na 4130 a 31/12/2025.

O importe do CE para esta finalidade ascende a 176.673,13 €.

En principio, a estabilidade orzamentaria veríase afectada, xa que as obrigacións recoñecidas xerarían un déficit por esa contía (176.673,13€).

Pero un dos axustes que debemos facer ao calcular a estabilidade orzamentaria é precisamente o axuste da conta 4130. A variación do saldo da conta 4130, en diminución, dará como resultado un menor déficit. Isto é, a variación do saldo inicial e final desa conta no ano 2026.

Así, se utilizamos X € do RLTX para aprobar facturas da 4130 xerarase un déficit por ese importe; pero á vez deberemos efectuar o axuste da 413 por -X €, co que ao final, a tramitación por si soa, deste Crédito Extraordinario non terá ningún tipo de efecto na estabilidade orzamentaria; porque o maior déficit xerado polo CE quedará compensado polo menor déficit que resultará da variación da conta 4130 ao final do 2026.

Polo tanto, a utilización do RLTX cuxo obxecto sexa a cancelación da conta 4130 ten un efecto neutro, e non afectaría á situación de estabilidade orzamentaria calculada con ocasión da



aprobación do Orzamento definitivo 2026.

B) *Redución de débeda comercial: facturas relativas ao exercicio 2025 pero que chegaron materialmente no 2026.*

O importe do CE para esta finalidade ascende a 8.058,61 €.

A estabilidade orzamentaria veríase afectada, xa que as obrigacións recoñecidas xerarían un déficit por esa contía (8.058,61 €) e non poderían ser obxecto de aplicación de ningún axuste.

En principio, a tramitación do CE 5/2026 diminuíría a estabilidade calculada con ocasión da aprobación do Orzamento definitivo 2026 nesa contía.

Ademais, para ver como afecta a tramitación do CE 5/2026 á estabilidade orzamentaria, temos que ter en conta as anteriores modificacións orzamentarias que teñen efectos sobre a estabilidade:

Estimación Estabilidade (+) ou inestabilidade (-) orzamentaria axustada no Orzamento definitivo 2026	107.616,75
Influencia da MC 2/2026 (IRC financiada con RLTGFA de incorporación obrigatoria) na estabilidade orzamentaria	-34.502,66
Influencia da MC 3/2026 (IRC financiada con RLTGX) na estabilidade orzamentaria	-19.708,57
Influencia da MC 4/2026 (SC financiada con RLTGX para cancelación da débeda coa MCSB)	-92.291,69
Influencia da MC 5/2026 (CE financiada con RLTGX para cancelación da débeda comercial do 2025)	-8.058,61
Estimación Estabilidade (+) ou inestabilidade (-) tras a tramitación das MC	-46.944,78

En principio, a tramitación do CE 5/2026 diminuíría a estabilidade calculada con ocasión da tramitación do Orzamento 2026 na súa contía. Como vemos, estímase unha situación de inestabilidade orzamentaria.

Advírtese, que se trata de previsións, que están condicionadas á evolución e ritmo de execución do Orzamento 2026; e que non poderán confirmarse até que se realice a liquidación deste orzamento (2026), onde se verificará e cuantificará o superávit ou déficit orzamentario. Pero non cabe dúbida de que a tramitación do CE 5/2026 afectará negativamente ao parámetro de estabilidade no importe de 8.058,61 €.

Por outra banda, cómpre recordar que do expediente de aprobación da Liquidación do orzamento 2024, resultou un incumprimento da regra do gasto, o que obrigou a aprobar un Plan Económico-Financeiro que posibilita volver á senda do cumprimento no exercicio 2025 e 2026. De aí que haxa que ser selectivo e rigoroso na utilización do RLTGX, porque a súa utilización ten un efecto negativo (aínda que incomprensible) na estabilidade orzamentaria.

Análise da MC 5/2026 e o destino do superávit orzamentario unha vez levantada a suspensión das regras fiscais

Da última liquidación aprobada do Concello de Lousame (liquidación do exercicio 2025) resulta un superávit orzamentario positivo (173.369,67 €), un remanente de tesourería para gastos xerais positivo (480.807,44 €) e un nivel de endebedamento con entidades financieras/bancarias de 0 €.

O PMP a 31.12.2025 está por debaixo dos 30 días.



Parte do RLTX está incluído dentro do concepto de “superávit orzamentario”. E ante esta tesitura, cómpre analizar se é de aplicación o artigo 32 da LOEPSF que sinala:

Artículo 32. Destino del superávit presupuestario.

- 1. En el supuesto de que la liquidación presupuestaria se sitúe en superávit, este se destinará, en el caso del Estado, Comunidades Autónomas, y Corporaciones Locales, a reducir el nivel de endeudamiento neto siempre con el límite del volumen de endeudamiento si éste fuera inferior al importe del superávit a destinar a la reducción de deuda.*
- 2. En el caso de la Seguridad Social, el superávit se aplicará prioritariamente al Fondo de Reserva, con la finalidad de atender a las necesidades futuras del sistema.*
- 3. A efectos de lo previsto en este artículo se entiende por superávit la capacidad de financiación según el sistema europeo de cuentas y por endeudamiento la deuda pública a efectos del procedimiento de déficit excesivo tal y como se define en la normativa europea.*

Tal e como sinalou o Interventor adxunto do SAEM da Deputación:

<<Para que le ayuntamiento se encuentre en el ámbito de aplicación del **artículo 32** de la **LOEPYSF** debe tener deuda viva en los términos de **Procedimiento de Déficit Excesivo (PDE)**, **no teniendo tal consideración las obligaciones representadas por activos financieros en manos de otras Administraciones Públicas, salvo** la derivada de los mecanismos de **pagos a proveedores y demás mecanismos extraordinarios de financiación** arbitrados en el marco de la DA 1ª de la LOEPYSF como deuda PDE, por la Disposición Adicional Única de la Ley 4/2012

En consecuencia, si la única deuda viva es la derivada de los Planes Provinciales mencionados en su consulta, el ayuntamiento **no** se encontraría en el **ámbito de aplicación del artículo 32 de la LOEPYSF** por no tener ésta naturaleza de “deuda pública” en los términos de Procedimiento de Déficit Excesivo>>

<<En cualquier caso, y siempre que se prorroguen de manera expresa los efectos de la Disposición Adicional 6ª de la LOEPYSF para 2019 en los términos del 2018, como se establece por la Subdirección General de Estudios y Financiación de las EELL, “cabría entender que es adecuado a derecho y acorde al espíritu de la LOEPSF posibilitar que las entidades locales que carezcan de deuda financiera pero cumplan los requisitos de la DA 6ª puedan aplicar el superávit a los fines definidos en la citada DA 6ª con todos los efectos regulados en la misma” (...)>>

Polo tanto ao Concello de Lousame non lle é de aplicación o artigo 32 da LOEPSF; que lle obrigaría a reducir o seu endebedamento neto, o que se interpreta como realizar unha amortización extraordinaria da súa débeda, máis alá da amortización ordinaria que debe facer en cada exercicio económico.

Antes da suspensión das regras fiscais, o artigo 32 da LOEPSF aplicábase en conxugación ca DA 6ª, que permitía outros destinos alternativos ao ordinario do superávit orzamentario (redución do endebedamento neto con entidades financeiras).

A DA 6ª establecía:

“1. Será de aplicación o disposto nos apartados seguintes desta disposición adicional ás CCLL nas que concorran estas dúas circunstancias:

- a) Que cumplan ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das facendas locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.*
 - b) Que presenten no exercicio anterior simultaneamente superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesourería positivo para gastos xerais, unha vez descontado o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira desta Lei.*
- 2. No ano 2014, aos efectos da aplicación do artigo 32, relativo ao destino do superávit orzamentario, terase en conta o seguinte:*



- a) As CCLL deberán destinar, en primeiro lugar, o superávit en contabilidade nacional ou, se fose menor, o Remanente de Tesourería para gastos xerais a atender as obrigacións pendentes de aplicar a orzamento contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de "Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento" ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación, e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigacións pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas a peche do exercicio anterior
- b) No caso de que atendidas as obrigacións citadas na letra a) anterior, o importe sinalado na letra a) anterior mantívésese con signo positivo e a CCLL optase á aplicación do disposto na letra c) seguinte, deberase destinar, como mínimo a porcentaxe deste saldo para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes que sexa necesario para que a CCLL non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional no devandito exercicio 2014.
- c) Se cumprido o previsto nas letras a) e b) anteriores a CCLL tivese un saldo positivo do importe sinalado na letra a) este poderase destinar a financiar investimentos sempre que ao longo da vida útil do investimento este sexa financeiramente sostible. A estes efectos a lei determinará tanto os requisitos formais como os parámetros que permitan cualificar un investimento coma financeiramente sostible, para o que se valorará especialmente a súa contribución ao crecemento económico a longo prazo. Para aplicar o previsto no parágrafo anterior, ademais será necesario que o período meido de pago aos provedores da CCLL de acordo cos datos publicados, non supere o prazo máximo de pago previsto na normativa sobre morosidade.
- (...)
4. O importe do gasto realizado de acordo co previsto nos apartados dous e tres desta disposición non se considerará como gasto computable a efectos da aplicación da regra de gasto definida no artigo 12.
5. En relación con exercicios posteriores a 2014, mediante Lei de Orzamentos Xerais do Estado poderase habilitar, atendendo á coxuntura económica, a prórroga do prazo de aplicación previsto neste artigo"

Esta DA 6ª, foi prorrogada para as Liquidacións dos exercicios 2015, 2016, 2017, 2018 e 2019. Pero a partir do ano 2020, pola situación excepcional derivada da pandemia da COVID-19, as regras fiscais estiveron suspendidas dende o 2020 até o 2023.

Na páxina web do Ministerio, colgouse una nota informativa, sobre os efectos na estabilidade orzamentaria da suspensión das regras fiscais, que establecía:

6. ¿Se va a exigir que se destine el superávit presupuestario en términos de contabilidad nacional a reducir deuda?

El superávit de los entes territoriales se debería destinar a la obligación de atender o cancelar la cuenta 413, al pago a proveedores de modo que se cumpla con el plazo máximo establecido en la normativa de medidas de lucha contra la morosidad, así como a financiar déficits durante la suspensión, con eso se evita el incremento neto de endeudamiento necesario para financiar aquellos.

A estos efectos, hay que tener en cuenta que, en todo caso, el cumplimiento de las obligaciones de atender la cuenta 413 y cumplir con el plazo máximo de pago a proveedores no está afectado por la medida de la suspensión.

18. ¿Se podrá destinar el superávit presupuestario en términos de contabilidad nacional de las CCAA para para financiar Inversiones Financieramente Sostenibles (IFS), aun cuando se registre déficit en el ejercicio?

Las CCAA con superávit en el ejercicio 2018 podrán destinarlo en los ejercicios 2019 y 2020 a realizar IFS en los términos autorizados en el Real Decreto ley 10/2019.

En caso de superávit en 2020, ya sin vinculación a la realización de Inversiones Financieras Sostenibles, se podrá destinar a financiar déficit en 2021 sin necesidad de destinarlo a reducir el nivel de endeudamiento neto.



21. ¿La suspensión de las reglas fiscales afecta a las reglas del destino del superávit de las Entidades Locales?

La suspensión de las reglas fiscales ha supuesto que el superávit no tenga que dedicarse a amortizar deuda, aun siendo posible realizar esta amortización si la EELL lo considera. La regla del artículo 32 de la LOEPSF puede no aplicarse a partir del momento en que se han suspendido las reglas fiscales, ya que estas son el fundamento de aquella regla. Regla que conecta con el objetivo de estabilidad presupuestaria y con el de deuda pública.

Al no ser aplicable la regla general, tampoco es necesaria la regla especial de destinar el superávit a inversiones financieramente sostenibles, salvo las excepciones siguientes, o mediante norma posterior que prorrogue íntegramente la DA 6ª de la LOEPSF.

A Secretaría Xeral de Financiación Autonómica e Local (SGFAL) no documento denominado “Preguntas frecuentes sobre los efectos de la reactivación de las reglas fiscales en 2024 con relación a las Entidades Locales”, sinalaba en relación ao destino do superávit orzamentario derivado da liquidación do ano 2023 (no que estaban suspendidas as regras fiscais):

¿Se aplicará en 2024 el artículo 32 de la LOEPSF? No. El artículo 32 de la LOEPSF, relativo al destino del superávit presupuestario, no se aplica respecto al eventual superávit de 2023, debido a que en dicho ejercicio las reglas fiscales estaban suspendidas

¿Sería posible destinar el superávit de 2023 a lo previsto en la disposición adicional sexta de la LOEPSF (entre otras, Inversiones Financieramente Sostenibles)? No. Al no ser aplicable la regla general, de acuerdo con lo indicado en la pregunta 5 anterior, tampoco es necesaria la regla especial de destinar el superávit a inversiones financieramente sostenibles ni la disposiciónn adicional sexta de la LOEPSF.

O día 21/03/2025, a Secretaría Xeral de Financiación Autonómica e Local emite un documento denominado “Preguntas frecuentes sobre la aplicación de las reglas fiscales en 2025 y la evaluación de su cumplimiento en 2024 en relación con relación a las Entidades Locales”, sinalaba en relación ao destino do superávit orzamentario derivado da liquidación do ano 2024:

Al estar vigentes ya en 2024 las reglas fiscales, el artículo 32 de la LOEPSF se aplicará respecto al eventual superávit resultante de la liquidación presupuestaria de 2024. En consecuencia, el superávit presupuestario de 2024 del consolidado de la entidad local (o, si fuese inferior, el remanente de tesorería para gastos generales) deberá destinarse a reducir deuda en 2025, siempre con el límite del volumen de endeudamiento.

En tanto no se apruebe la Ley de Presupuestos Generales del Estado para 2025 o, en su defecto, una disposición normativa con rango de ley que habilite la prórroga para este año de la aplicación de la disposición adicional sexta de la LOEPSF, no se podrá destinar el superávit a financiar inversiones financieramente sostenibles

A habilitación normativa para utilizar o superávit derivado a Liquidación do orzamento 2024 veu co RDLei 15/2025 do 2 de decembro. O día 17/12/2025, a Secretaría Xeral de Financiación Autonómica e Local (SGFAL) no documento denominado “Preguntas frecuentes sobre el destino del superávit de las EELL correspondiente al año 2024 a IFS, en aplicación del RD Lei 15/2025 de 2 de decembro” sinalaba:

El día 3 de diciembre de 2025 se publicó en el Boletín Oficial del Estado el Real Decreto-ley 15/2025, de 2 de diciembre, por el que se adoptan medidas urgentes para favorecer la actividad inversora de las entidades locales y de las comunidades autónomas (...)

En relación con el superávit presupuestario de las corporaciones locales correspondiente al año 2024, el artículo 1 del referido Real Decreto-ley prorroga para 2025, 2026 y 2027 la aplicación de las reglas contenidas en la disposición adicional sexta de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera, para lo que se deberá tener en cuenta la disposición adicional decimosexta del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.



A día de hoxe, non existe ningunha previsión relativa ao destino do superávit orzamentario derivado da liquidación do exercicio 2025.

O que si pode afirmarse é que o Concello, ao non ter débeda financeira, non entra no ámbito de aplicación da LOESPF, e non ten que destinar o seu superávit á redución do endebedamento neto.

Ademais, a utilización do superávit-RLTGX para cancelar as facturas relativas ao 2025, era o primeiro destino alternativo contemplado na antiga Disposición Adicional 6ª.

QUINTO.- A Regra do Gasto

O artigo 12 da LOESPF esixe tamén ás entidades locais que a variación de gasto non supere a taxa de referencia de crecemento do PIB, correspondendo ao Ministerio a súa determinación.

Débese comparar o gasto computable de 2025 incrementado na taxa de crecemento co gasto computable de 2026.

O gasto computable serán os empregos non financeiros definidos polo SEC, excluídos os xuros da débeda e a parte de gasto financiado con fondos finalistas procedentes da UE ou doutras AAPP.

Segundo a IGAE este cálculo realízase partindo da liquidación do orzamento de 2025 ou da súa estimación; isto é, sobre as base das obrigas recoñecidas no capítulo 1 a 7 deducindo as cantidades contabilizadas no capítulo 3 (gastos financeiros) que se corresponden con xuros, así coma o gasto financiado con fondos finalistas procedentes da UE ou doutras AAPP.

Cálculo da influencia do CE 5/2026 na regra do gasto

Para ver como afecta a tramitación do CE 5/2026 á regra do gasto, temos que diferenciar os destinos que ten esta modificación.

A) Redución de débeda comercial: facturas incluídas na 4130 a 31/12/2025.

O importe do CE para esta finalidade ascende a 176.673,13 €.

En principio, a regra do gasto veríase afectada, xa que as obrigacións recoñecidas xerarían un incremento do gasto computable dos CI do orzamento 2026 nesa contía (176.673,13 €).

Pero un dos axustes que debemos facer ao calcular a regra do gasto é precisamente o axuste dos “gastos aplicados derivados de exercicios anteriores” que minoran o gasto computable. A variación do saldo da conta 4130, en diminución, dará como resultado un menor gasto computable.

B) Redución de débeda comercial: facturas relativas ao exercicio 2025 pero que chegaron materialmente no 2026.

O importe do CE para esta finalidade ascende a 8.058,61 €.

A regra do gasto veríase afectada, xa que as obrigacións recoñecidas xerarían un incremento do



gasto computable por esa contía (8.058,61 €) e non poderían ser obxecto de aplicación de ningún axuste.

Tendo en conta os cálculos e axustes SEC realizados con ocasión da tramitación do Orzamento definitivo 2026, o cumprimento da regra do gasto cifrouse en 69.727,14 €.

Ademais, para ver como afecta a tramitación do CE 5/2026 á regra do gasto, temos que ter en conta as anteriores modificacións orzamentarias que teñen efectos sobre esta magnitude:

Déficit (-) / Superávit (+) regra do gasto no Orzamento definitivo 2026	69.727,14
Influenza da MC 2/2026 (IRC financiada con RLTGFA de incorporación obrigatoria) na estabilidade orzamentaria	0,00
Influenza da MC 3/2026 (IRC financiada con RLTGX) na estabilidade orzamentaria	-19.708,57
Influenza da MC 4/2026 (SC financiada con RLTGX para cancelación da débeda coa MCSB)	-92.291,69
Influenza da MC 5/2026 (CE financiada con RLTGX para cancelación da débeda comercial do 2025)	-8.058,61
Estimación Déficit (-) / Superávit (+) regra do gasto tras a tramitación das MC	-50.331,73

En principio, a tramitación do CE 5/2026, diminuíría a Regra do Gasto calculada con ocasión da tramitación do Orzamento 2026 na súa contía. E isto podería impediría liquidar o exercicio 2026, cumprindo a Regra do Gasto.

Advírtese, que se trata de previsións, que están condicionadas á evolución e ritmo de execución do Orzamento 2026; e que non poderán confirmarse até que se realice a liquidación deste orzamento (2026), onde se verificará e cuantificará o cumprimento ou non da regra do gasto.

SEXTO.- O límite da débeda

O límite da débeda non se ve incrementado pola aprobación deste expediente de modificación orzamentaria.

SÉTIMO.- Conclusión

Primeiro: O importe do CE afectará negativamente tanto á estabilidade orzamentaria, provocando un déficit pola súa contía; como á regra do gasto, supoñendo un incremento do gasto computable, no importe de -8.058,61 €.

En principio, cos datos estimativos que se derivan do Orzamento definitivo para o 2026, a MC podería impedir liquidar o exercicio 2026 en situación de superávit orzamentario e cumprimento da regra do gasto. Advírtese, que se trata de previsións, que están condicionadas á evolución e ritmo de execución do Orzamento 2026.

Segundo: En canto ao nivel de endebedamento, a presente modificación non incrementa o seu nivel.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Este é o meu informe, que emito sen prexuízo doutro mellor fundado en dereito; de tódolos xeitos o órgano competente para resolver (o Pleno Corporativo) no seu máis alto criterio adoptará a decisión que estime máis conveniente.

Documento asinado dixitalmente

A Secretaria-Interventora, Paula Ares Otero.

*Visto. Achéguese ao expediente.
O Alcalde, Esteban Ares García*